

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de xullo de 2025**

Ás 16.35 horas do día 15 de xullo de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asisten os deputados don Plácido Álvarez Dobaño e don Bernardo Varela López, que son substituídos por don Rosendo Luís Fernández Fernández e don Xosé Manuel Puga González, respectivamente.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 19 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RENUNCIA DE DON AURENTINO ALONSO ARAÚJO AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL (EXP. Nº 2025/11425K).-

O **presidente** expón o contido da proposta da Presidencia e amosa o seu respecto persoal pola decisión adoptada e pola traxectoria política de ambos os dous deputados, don Aurentino Alonso Araújo e dona Elvira Lama Fernández.

A continuación **dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, e don Xosé Manuel Puga González, do BNG**, agradecen o traballo rigoroso e a dedicación amosada polos deputados don Aurentino Alonso Araújo e dona Elvira Lama Fernández.

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, agradece as verbas dos interviñentes e engade que sempre tratou de facer o seu traballo con absoluto rigor e dedicación buscando o mellor para esta provincia.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Aurentino Alonso Araújo, con DNI nº 16262250-P, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

3º) En cumprimento do previsto na Instrución 1/2025, publicada no BOE nº 31, do 5 de febreiro de 2025, relativa á substitución de cargos representativos locais, correspondería cubrir a vacante a xuízo da Corporación a Sherezade Núñez Rodríguez, con DNI nº

76721149-A, segundo consta na certificación asinada pola secretaria en funcións da Xunta Electoral de Zona do Barco de Valdeorras, do día 10 de xullo de 2023.

3.- RENUNCIA DE DONA ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL (EXP. Nº 2025/11426E).-

O **presidente** expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia da deputada provincial dona Elvira Lama Fernández, con DNI nº 34944140-X, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

3º) En cumprimento do previsto na Instrución 1/2025, publicada no BOE nº 31, do 5 de febreiro de 2025, relativa á substitución de cargos representativos locais, correspondería cubrir a vacante a xuízo da Corporación a Xosé Carlos Valcárcel Doval, con DNI nº 34944069-P, segundo consta na acta da Xunta Electoral de Zona de Ourense, do día 10 de xullo de 2023.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que desde o Concello da Rúa se lle trasladou o estado de absoluto abandono e perigosidade no que se atopa o inmovible de titularidade provincial emprazado na rúa Benito Fernández, e que nos próximos días se remitirá un informe a esta Deputación para que adopte as medidas procedentes.

O **presidente** contesta que xa fai uns meses se adoptaron medidas para garantir a seguridade neste inmovible, pero que en todo caso se estará ao que traslade ese informe e se adoptarán as medidas precisas para garantir a seguridade.

E, ás 16.43 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

